

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AMES

Aprobación definitiva do Regulamento da Escola Municipal de Musica do Concello de Ames (EMMA)

Anuncio

Aprobación definitiva do Regulamento da Escola Municipal de Musica do Concello de Ames (EMMA).

En sesión plenaria celebrada o 27 de decembro de 2018, prestase aprobación inicial do Regulamento da Escola Municipal de Musica do Concello de Ames (EMMA).

Dito acordo de aprobación inicial foi sometido a exposición pública por prazo de 30 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 2, de 3 de xaneiro de 2019, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames

Durante o prazo de exposición pública foron presentadas de oficio propostas de modificación que foron aceptadas pleno pleno en sesión do 28 de febreiro de 2019. O novo texto definitivamente aprobado é o que figura como anexo o cal se publica aos efectos da súa entrada en vigor.

Anexo

REGULAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA DO CONCELLO DE AMES (EMMA).

PREÁMBULO

TITULO PRELIMINAR

TITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

TITULO II.- DA ORGANIZACIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

TITULO III.- DOS RECURSOS HUMANOS

TITULO IV.- DOS RECURSOS MATERIAIS

TITULO V.- FUNCIONAMENTO E RÉXIME INTERIOR

PREÁMBULO

As escolas de música e danza municipais representan hoxe en día o mellor exemplo para achegar a música e a danza de base a toda a veciñanza.

O Concello de Ames, coa finalidade de regularizar o funcionamento da Escola de Música Municipal de Ames (EMMA) solicitou á Xunta de Galicia no ano 2017 autorización para a súa inclusión no Rexistro de escolas de música e danza de Galicia, conseguindo tal autorización en xullo dese mesmo ano (DOG nº 130, do 10 de xullo de 2017). Feito que permite optar na actualidade á liñas de subvencións públicas neste eido convocadas pola Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña entre outras; así como afondar na consolidación laboral do profesorado e na calidade educativa.

Deste xeito, a prestación do servizo de Escola Municipal de Música queda expresamente asumida polo Concello de Ames como propia ao abeiro do apartado primeiro do artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local polo que se establece que o Concello de Ames, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, na súa D.A. 15ª.5 dispón que "As administracións educativas poderán establecer convenios de colaboración coas corporacións locais para as ensinanzas artísticas. Ditos convenios poderán contemplar unha colaboración específica en escolas de ensinanzas artísticas con estudos que non conduzan á obtención de títulos con validez académica". Deste xeito, estímase necesario dotar a dita escola dun marco normativo que regule a súa organización e funcionamento, o que se leva a cabo mediante o presente Regulamento.

TITULO PRELIMINAR

A Escola Municipal de Música do Concello de Ames (EMMA) terá como finalidade xeral ofrecer unha formación práctica na didáctica musical dirixida á veciñanza, sen prexuízo da súa función de orientación a estudos profesionais de quen demostre unha especial vocación e aptitude.

Os estudos cursados na EMMA non conducirán á expedición de títulos con validez académica ou profesional.

Reserváranse dúas prazas por materia ou instrumento para alumnado con necesidades educativas especiais ou discapacidade.

A EMMA terá como **obxectivos principais** os seguintes, en correspondencia con outras escolas municipais:

a.- Fomentar desde a infancia o coñecemento e apreciación da música, iniciando aos nenos e nenas desde os 4 anos de idade, na súa aprendizaxe, procurando que a Escola funcione como un centro educativo-cultural no que se realicen actividades relacionadas co mundo musical e outras disciplinas non comprendidas directamente na docencia: concertos, audicións, conferencias, presentacións de discos, libros, etc.

b.- Desenvolver unha ensinanza instrumental orientada tanto á práctica individual como á práctica de conxunto.

c.- Proporcionar unha ensinanza musical complementaria á práctica instrumental.

d.- Fomentar nos alumnos/as o interese pola participación en agrupacións vocais e instrumentais.

e.- Organizar actuacións públicas e participar en actividades musicais de carácter afeccionado.

f.- Desenvolver unha oferta diversificada de educación musical, sen límite de idade. A difusión xeral da música e da danza en todas as súas formas e estilos co fin de crear en Ames un clima artístico participativo e dinámico no cal se desenvolva e fomente a creatividade

g.- Orientar e proporcionar unha formación máis profunda a aqueles alumnos que pola súa capacidade e interese teñan condicións e vontade de acceder ao centro de ensinanza musicais e de danza regradas.

Ademais destes obxectivos principais, a EMMA tamén presenta outro tipo de **obxectivos**, como son aqueles atribuídos ao **profesorado** é ás institucións:

O profesorado debe presentar a clase coma un evento aberto, de participación e creatividade, buscando:

Detectar e recoñecer as potencialidades creativas.

Respectar as preguntas, gustos e propostas do alumnado.

Facer propostas provocativas, buscando un enfoque distinto para a xeración de novas preguntas e actividades.

Recoñecer e valorar a orixinalidade.

Potenciar a práctica e a experimentación.

Deseñar experiencias planificadas e guiadas permitindo ao estudante unha autoaprendizaxe na que a vontade de superación e o pracer derivado do propio rendemento constitúen os principais elementos de motivación.

Desenvolver no alumnado o interese por participar activamente en agrupacións, fomentando a cooperación, a tolerancia, a convivencia e desenvolvendo a creatividade individual, deixando unha porta aberta a aqueles alumnado que estudou na Escola.

Promover a música como un instrumento clave para favorecer o desenvolvemento e a estimulación das crianzas, favorecendo deste xeito a integración do alumnado con diversidade funcional.

Promover a participación de todo o alumnado nos eventos e festivais que se organicen, co obxectivo de motivar ao alumnado, independentemente das súas capacidades.

Como **obxectivos de goberno** municipal destacan:

Velar polo bo funcionamento da EMMA, apoiando os proxectos e actuacións que se consideren pedagoxicamente correctos.

Promover intercambios e encontros co fin de proxectar a EMMA ao exterior, fomentando así a interculturalidade, coordinándose para iso co resto de escolas a nivel autonómico e estatal co fin de manter contactos que faciliten o intercambio de metodoloxías docentes e actividades de conxunto.

Representar á EMMA en certames e festivais a nivel rexional e nacional, tanto no que se refire ao profesorado como ao alumnado, tendo presentes as necesidades que diso se derivan.

Manter e promover relacións institucionais tanto no ámbito autonómico, coa Asociación Galega de Escola Municipais de Música (AGEMM); estatal, coa Unión de Escolas de Música e Danza (UEMyD); como a nivel Europeo coa Unión Europea de Escolas de Música (EMU).

O presente Regulamento sométese ao disposto na Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación; Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación; Real Decreto 389/1992, de 15 de abril, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas artísticas; Orde de 30 de xullo de 1992, do Ministerio de Educación e Ciencia, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza, e pola Orde 11 de marzo de 1993 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

TITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto do Regulamento.-

Constitúe o obxecto do presente Regulamento regular a organización e funcionamento da Escola Municipal de Música de Ames (EMMA), co gallo de acadar os obxectivos e finalidades a que se refire o Título Preliminar e, en concreto, crear e asegurar na práctica un ambiente de traballo axeitado baseado nunha coidada organización das actividades mediante un orde, entendido como medio de facilitar a tarefa educativa e creación de hábitos de convivencia, cooperación, confianza e unha vivencia profunda e proveitosa do fenómeno musical.

O ingreso na EMMA supón a aceptación deste Regulamento de réxime interno.

TITULO II. DA ORGANIZACIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA.

Capítulo 1. Organización das ensinanzas

Artigo 2.- Disciplinas

2.1.- Música e movemento

Este ámbito formativo está dirixido exclusivamente ao alumnado de idades comprendidas entre os **4 e os 6 anos** (cumpridos no ano natural do inicio do curso escolar), co fin de atender, con tratamento pedagóxico específico, o descubrimento e desenvolvemento das capacidades expresivas, musicais e motrices, que permitan posteriormente a elección de un instrumento e unha práctica gozosa e convincente de ambas actividades artísticas.

A duración das clases será de unha hora dous días á semana con un máximo de 12 alumnos/as por grupo. O número mínimo de alumnado será de 4. Os alumnos/as agruparanse en función do ano de nacemento.

2.2.- Orientación ao Instrumento e Práctica Instrumental - Instrumento

De acordo cos obxectivos xerais da EMMA, o ensino dun instrumento deberá motivar e desenvolver a afección pola música como fenómeno artístico e medio de comunicación persoal así como ocuparse dos procesos que permitan o estímulo e desenvolvemento conxunto das destrezas técnicas e das capacidades expresivas necesarias para o cultivo da práctica interpretativa individual e en grupo.

Dirixido a maiores de 7 anos (cumpridos no ano do inicio do curso escolar) sen límite de idade, impártense clases individuais de media hora á semana (30 minutos). Os instrumentos aos que poden optar son: piano, violín/viola, frauta trave-seira, saxofón, percusión/batería e guitarra. Tamén impartiranse clases de canto moderno e realizaranse as combinacións de agrupacións musicais, compatibles coa práctica instrumental individualizada. As clases para agrupación organizaranse anualmente en función da dispoñibilidade horaria do profesorado, tendo unha duración estimada de 45 minutos.

Nestas agrupacións poderán participar aqueles alumnos/as matriculados na escola, previa consulta co profesor/a correspondente, ou mediante proba de acceso.

O desenvolvemento de todos os instrumentos dependerá do número de usuarios/as matriculados anualmente, establecido pola Concellaría de Cultura en función das necesidades de espazo, capacidade e sustentabilidade económica do servizo. Só se poderá escoller un instrumento por curso.

2.3.- Formación musical complementaria á práctica instrumental

Este ámbito ofrecerá aos alumnos maiores de 7 anos (cumpridos no ano do inicio do curso escolar) un ensino que permita profundizar no coñecemento da linguaxe e teoría musical así como no desenvolvemento da educación auditiva, ofrecendo unha aprendizaxe de solfexo necesario para o estudo do instrumento, desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, auditivas e expresivas.

Esta materia de Linguaxe musical, impártese en dúas franxas de idade distintas: por un lado Linguaxe Musical para nenos/as dende os 7 anos ata a adolescencia e, por outro lado, Linguaxe Musical para adultos.

As sesións serán dunha hora semanal, con grupos de 12 alumnos/as como máximo e 4 alumnos/as como mínimo, dependendo das idades.

Capítulo 2. Dirección da Escola Municipal de Música

Artigo 3.- Dirección da Escola Municipal de Música e competencias

Entre o persoal docente asignarase o titular do posto de director/a; será o/a concelleiro/a responsable do servizo de Cultura quen realizará a proposta do seu nomeamento e quen tamén proporá o seu cesamento á **proposta do claustro** de profesores/as, cos requisitos de presentación dun programa docente de dirección e coa correspondente autorización da Xunta de Galicia no tocante aos requisitos académicos establecidos.

Será aprobado por decreto de Alcaldía, terá unha vixencia máxima revisable cada 4 anos e conlevará unha compensación económica e horaria mediante un complemento de 200 horas anuais.

A dirección da Escola de Municipal de Música de Ames estará a cargo da persoa que en cada momento designe o Concello de Ames, conforme ao indicado con anterioridade.

A dirección terá as seguintes **competencias**:

- a) Representar académicamente á Escola Municipal de Música.
- b) Cumprir e facer cumprir as leis e demais disposicións vixentes.
- c) Exercer o control de todo o persoal adscrito á EMMA.
- d) Dirixir e coordinar todas as actividades pedagóxicas e administrativas da escola, sen perxuízo dos restantes órganos superiores de goberno.
- e) Xestionar os medios materiais da EMMA.
- f) Propoñer os gastos de acordo co orzamento da Escola e de conformidade cos restantes órganos superiores de goberno
- g) Atender en primeira instancia os problemas de carácter académico e de funcionamento ordinario da EMMA, solucionando aqueles que lle sexan posible e elevando o resto a outros órganos competentes
- h) Promover e impulsar as relacións da escola coas institucións do seu entorno e facilitar a adecuada coordinación cos outros servizos formativos da zona.
- i) Elevar ao responsable da concellería de cultura unha memoria anual sobre as actividades e situación xeral da escola, así como facilitar a información que sexa requirida cos informes pertinentes polas mesmas sobre calquera aspecto referente á EMMA.
- j) Atender as peticións das familias e do alumnado.
- k) Aqueloutras que lle sexan asignadas por outros órganos competentes conforme á Relación de Postos de Traballo (RPT)

Capítulo 3. Secretaría da Escola Municipal de Música

Artigo 4.- Secretaría- Competencias

As funcións de Secretaría serán desenvolvida por persoal técnico ou administrativo do Concello de Ames, correspondente ao servizo de Cultura. As súas funcións, con carácter xeral, serán as seguintes:

- a) Atender os problemas e peticións do alumnado, pais e profesores do centro.
- b) Colaborar na organización e difusión das actividades da EMMA e da Concellaría de Cultura.
- c) Informar sobre aspectos da escola a toda a persoa que o requira.
- d) Tramitar as matrículas, baixas, pagos e ser o nexa entre a escola e o Concello.
- e) Ter actualizado o inventario da EMMA de acordo coas instrucións recibidas ao respecto.
- f) Calquera outra función que lle poida encomendar a dirección dentro do seu ámbito de competencia.

As súas **funcións específicas** serán:

- a) Coordinar e velar pola correcta execución das actividades de carácter académico, do profesorado e alumnado en relación coa programación xeral da EMMA.
- b) Coordinar a acción tutelar de orientación do alumnado establecendo horarios específicos de titorías e atención de pais e nais.

- c) Fomentar a participación do alumnado en todas aquelas actividades que sexan propias da EMMA así como en aquelas que sexan de programación propia da Área de Cultura e que polo seu interese complementen o proxecto da Escola.
- d) Elaborar, seguindo as directrices da Dirección, cantos documentos e publicacións deban ser expostos no Taboleiro de Anuncios ou entregadas ao servizo Municipal Cultura ou aos familiares.
- e) Atender os problemas e peticións do profesorado e alumnado.
- f) Colaboración na organización de actividades e difusión musical organizadas pola Concellería de Cultura
- g) Participar xunto coa Dirección na elaboración de tódolos proxectos relativos á EMMA e todos aqueles para os que sexa requirido.
- h) Velar polo bo uso do material da EMMA en tódolos seus aspectos.

Capítulo 4. Claustro de profesores da Escola Municipal de Música.

Artigo 5.- Claustro de profesores- Competencias

O claustro do profesorado é o órgano consultivo de participación e bo goberno da EMMA. Ten a responsabilidade de planificar, coordinar, opinar e en todo caso, informar sobre todos os aspectos docentes. O claustro estará presidido polo director/a e integrado pola totalidade dos profesores/as.

O claustro reunirse con carácter ordinario ao principio e ao remate do curso e de xeito extraordinario sempre que o solicite a dirección do centro.

A asistencia as sesións do claustro é obrigatoria para todos os seu membros, calquera ausencia deberá ser debidamente xustificada.

Competencias:

- a) Formularlle á Dirección do centro propostas para a elaboración de proxectos pedagóxicos e para a dirección da EMMA.
- b) Avaliar e aprobar proxectos curriculares e aspectos docentes, conforme ao proxecto educativo do centro e a programación xeral do centro.
- c) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e investigación pedagóxica.
- d) Coordinar as funcións referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación do alumnado.
- e) Decidir sobre as baixas en caso de ausencia ás clases.

Capítulo 5. Servizo municipal de Cultura.

Artigo 6.- Competencias en relación coa Escola Municipal de Música (EMMA)

O servizo municipal de Cultura terá as seguintes funcións:

- a) Emitir informes de xestión relativos ao cumprimento das condicións técnicas que se teñen que prestar na EMMA e autorizar o seu desenvolvemento.
- b) Autorizar todo tipo de obra de reparación ou mantemento da EMMA.
- c) Coordinar, supervisar e controlar o desenvolvemento correcto da xestión da EMMA.
- d) Solicitar informes e memorias á Dirección da EMMA.
- e) Ostentar a representación municipal no Consello Escolar da EMMA.
- f) Coordinar e controlar o uso das instalacións da EMMA cando nelas se desexe realizar algunha actividade non contemplada no proxecto pedagóxico.

Capítulo 6. Consello Escolar

Artigo 7- Configuración do Consello Escolar

O Consello Escolar estará composto por:

- 1.- O Alcalde/sa ou persoa en quen delegue
- 2.- A Dirección da Escola
- 3.- A persoa que desenvolva as funcións de Secretaría
- 4.- Un representante do claustro do profesorado (nomeado polo propio claustro)
- 5.- Dos representantes do alumnado.

6.- Dous representantes dos pais/nais do alumnado

7.- Un representante da Corporación

O Consello Escolar reunirse como mínimo unha vez ao inicio e ao final do curso escolar e entre outros cometidos deberá avaliar as propostas de baixa efectuadas polo profesorado ou Secretaría relativas a aquel alumnado por faltas de asistencia ás clases e en materia de disciplina.

Así mesmo, tamén realizará un seguimento da actividade docente e do proxecto de dirección da EMMA, especialmente no tocante aos seguintes asuntos:

1. Ser informado das variacións de persoal.

2. Avaliar o Proxecto Educativo da EMMA e a programación xeral anual, revisándoo e propoñendo cambios que se estimen oportunos.

3. Informar os criterios de admisión do alumnado e velar para que se realice segundo o establecido legal e regulamentariamente.

4. Propoñer e avaliar a Programación Xeral do Centro e das actividades escolares complementarias.

5. Informar as directrices para elaboración dun plan de colaboración, con fins culturais e educativos, con outros centros, entidades e organismos.

6. Participar na avaliación do funcionamento, con carácter xeral, da EMMA nos aspectos administrativos e docentes.

7. Coñecer a resolución dos conflitos de disciplina.

8. Propoñer medidas de mellora e funcionamento da EMMA.

Se algún dos sectores da comunidade escolar non elixira a súa representación no Consello Escolar por causa a eles imputables, este feito non invalidaría a constitución do Consello Escolar.

TITULO III. DOS RECURSOS HUMANOS

Capítulo 1. Profesorado

Artigo 8- Titulación dos profesorado

O profesorado da Escola Municipal de Música de Ames deberá cumprir os requisitos establecidos na Orde do 11 de marzo de 1993 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 9.- O profesorado e os seus deberes

O profesorado ten garantida a liberdade de cátedra e o seu exercicio orientarase á realización dos fins educativos, cooperando coa Dirección do centro no cumprimento da normativa vixente en materia de ensinanza.

Serán os responsables da educación musical do alumnado e procurarán inculcar neles condutas de respecto cara os compañeiros e as instalacións e mobiliario da EMMA.

O profesorado da EMMA terá os seguintes **deberes**:

a) Informar á Dirección de todas aquelas incidencias que se produzan e formular as propostas que poidan conducir a melloras tanto organizativas coma docentes.

b) Informar aos pais, nais ou titores do desenvolvemento educativo do alumnado na EMMA.

c) Dar conta á Dirección, aos efectos da elaboración da memoria anual, das incidencias e todo o que consideren relevante durante o ano de impartición da súa clase.

d) Comprobar a asistencia do alumnado ás clases e actividades e informar á Dirección cando as ausencias sexan reiteradas e seguidas.

e) Realizar o inventario das aulas ao principio e ao remate do curso.

f) Propoñer o material necesario para o correcto funcionamento das clases.

g) Recuperar, sen alterar o normal funcionamento da EMMA, aquelas clases que fose necesario cambiar por motivos persoais do profesorado e sempre coa autorización previa da Dirección.

h) Extremar o cumprimento das normas éticas que esixe a súa función educativa.

i) Asegurar de xeito permanente o seu propio perfeccionamento musical, técnico e pedagóxico.

Capítulo 2. Alumnado

Artigo 10.- Requisitos do alumnado.

Poderá formar parte da EMMA calquera persoa maior de catro anos (cumpridos no ano de inicio do curso escolar) e sen límite de idade máxima, garantíndose así a posibilidade de desenvolvemento persoal e social mediante a educación musical.

Artigo 11.- Dereitos do alumnado

O alumnado da EMMA teno dereito a recibir a formación establecida para este tipo de centros escolares así como a debida orientación nas materias propias da EMMA.

Do mesmo xeito, o alumnado poderá formular suxestións e reclamacións en relación con calquera aspecto de funcionamento da EMMA, por mediación do profesorado ou ben dirixíndose directamente á Dirección.

O alumnado terá dereito a que se lle respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal.

Artigo 12.- Deberes do alumnado

O estudo constitúe un deber básico do alumnado e concrétese nas seguintes obrigas:

a) Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe así como adoptar unha conduta respectuosa para cos mesmos e co resto do alumnado.

b) Respetar o mobiliario e as instalacións do local municipal onde se imparten as clases.

c) Aboar os prezos ou tributos establecidos en cada momento.

d) Asistir á clase con puntualidade. No caso de alumnado menor de idade, os familiares deberán levar e recoller ao alumnado coa maior puntualidade, posto que a EMMA non se fai responsable do alumnado fóra do seu horario lectivo. O profesorado correspondente ou a Dirección, no caso de faltas de asistencia reiteradas, indisciplina ou incumprimento de calquera outro deber do alumnado, elevarán ao Consello Escolar as propostas de baixa como alumnado da EMMA.

e) Xustificar e, se fose posible, advertir de antemán ao profesorado as faltas de asistencia a clase, que non serán recuperables.

f) Participar naquelas actividades programadas pola EMMA cando así llo requira o profesorado ou a dirección.

g) A asistencia a concertos e audicións organizados pola EMMA é obrigatoria, tanto para o alumnado que debe participar, como para o que designe o profesorado ou a dirección. Neste caso, a clase non será recuperable posto que se considera que forman parte do proceso educativo.

O profesorado correspondente ou, no seu caso, a dirección elevarán ao Consello Escolar, segundo o incumprimento de que se trate, as propostas de sanción ou baixa na EMMA daquel alumnado que non acate os deberes establecidos no presente artigo.

TITULO IV.- DOS RECURSOS MATERIAIS

Capítulo 1. Recursos materiais da Escola Municipal de Música

Artigo 13.- Das instalacións da Escola e da súa ubicación

A Escola de Música Municipal terá como domicilio o local municipal sito no centro de usos múltiples de Aldea Nova e conta coa superficie, instalacións e equipamentos adecuados ás materias que se van impartir e ao volume de alumnado, para o que dispón de espazo propio conforme aos requisitos establecido na Orde do 11 de marzo de 1993 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

TITULO V.- FUNCIONAMENTO E RÉXIME INTERIOR.

Capítulo 1. Horario de atención ao público e alumnado.

Artigo 14.- Atención ao público e alumnado da EMMA

O horario de atención ao público exporase no taboleiro de anuncios da EMMA e na páxina web municipal ao comezo de cada curso. Igualmente fixarse os días e horas de atención por parte da Dirección do Centro.

Capítulo 2. Matrícula e baixas

Artigo 15.- Admisión de alumnos

A EMMA ofertará un número de prazas acorde co orzamento desta, cos espazos lectivos dispoñibles e co número de docentes e cursos/niveis das especialidades. En ningún caso se permitirá a asistencia ás clases da EMMA a persoas non matriculadas, sendo persoalmente responsable do cumprimento desta obriga a Dirección da Escola.

Poderá solicitar o ingreso na EMMA calquera persoa con 4 anos cumpridos ou a cumprir dentro do ano do inicio do curso escolar.

Artigo 16.- Formalización da matrícula

A matrícula formalizarase nos modelos normalizados que a tal efecto facilitará o Concello, e aboar o correspondente prezo público. A estes efectos, o importe do prezo será o que en cada momento teña aprobado o Concello na correspondente ordenanza municipal. Dito importe permanecerá inalterable durante todo o curso.

Existirán dous prazos de matriculación:

1.- Primeiro prazo: Renovación de praza para o alumnado xa matriculado no curso anterior. Aos efectos de dar preferencia e asegurar praza para o alumnado que xa cursaran o curso escolar inmediatamente anterior, abrirase un prazo no mes de Maio. Este alumnado deberá formalizar a matrícula no modelo facilitado e aboar, o prezo establecido pola correspondente ordenanza municipal.

En caso de non ter formalizada a matrícula e realizado o pago correspondente no prazo establecido perderá o dereito de preferencia a que se refire o parágrafo anterior e deberá matricularse na EMMA no prazo ao que se refire o parágrafo seguinte.

Cambio de instrumento: antes de ofrecer as prazas para novos alumnos/as abrirase un prazo de cambio de instrumento para os alumnos/as que así o soliciten por rexistro, no prazo habilitado para renovación de prazas.

2.- Segundo prazo: Durante o mes de Xuño para novo alumnado.

Se o volume de solicitudes de matrícula fose superior á oferta, realizarase un sorteo público das prazas existentes en data e hora sinalada. Non será preciso asistir ao sorteo de prazas, no sorteo establecerase a orde de todos os solicitantes. O sorteo será anunciado e realizado por persoal do servizo de cultura do concello.

Despois deste sorteo, no prazo establecido, o alumnado que obteña praza elixirá o horario das clases individuais, dentro dos horarios dispoñibles, quedando o resto en lista de espera para cubrir posibles baixas que se produzan durante ese curso escolar.

Por razóns organizativas o Concello de Ames poderá variar ou ampliar os prazos de matrícula, dando a máxima publicidade polos medios habituais.

Non se formalizará a matrícula daquel alumnado que teña pagos pendentes correspondentes a outros exercicios.

Capítulo 3. Baixas na Escola Municipal de Música.

Artigo 17.- Baixas na Escola

Aos efectos de ter en todo momento coñecemento do alumnado da EMMA, o Concello proporcionará igualmente un modelo de solicitude de baixa voluntaria na mesma para o caso de baixas que se produzan durante o curso.

As baixas serán entregadas no rexistro municipal, con anterioridade ao mes no que se farán efectivas, e en ningún caso, se devolverá o importe da matrícula.

No caso de ausencia continua ás clases da EMMA o Consello Escolar decidirá si o alumno/a causa baixa obrigatoria. As baixas que se produzan de xeito voluntario ou acordadas polo Consello Escolar cubriranse acudindo á lista de reserva de alumnado por rigoroso orde da lista de agarda.

Capítulo 4. Curso académico e calendario escolar.

Artigo 18.- Curso académico

O curso académico comezará a **mediados do mes de setembro** e rematará a finais do mes de **xuño** do seguinte ano, coincidindo aproximadamente co calendario escolar da ensinanza de educación secundaria obrigatoria e bacharelato. Serán períodos non lectivos os recollidos no calendario escolar que fixe anualmente a Consellería de Educación referidos a: vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa

Artigo 19.- Horario

O horario da EMMA será de tarde e establecido en función das disciplinas e as inscricións. Dito horario pode ser variado de xeito provisional ou definitivo dándose debido coñecemento antes do comezo do curso a través do taboleiro de anuncios do Concello, web municipal e no da EMMA.

O horario da EMMA terase en conta na programación xeral anual, quedando a xuízo da EMMA programar actividades voluntarias fóra do calendario previsto, previa autorización da Consellería de Cultura.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o texto integro, definitivamente aprobado, no B.O.P de bendo ademais transcorrer o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co 70.2 da mesma lei, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa, polo pleno do Concello de Ames.

Ames, 1 de marzo de 2019

A primeira tenente de Alcalde

Alcaldesa por delegación (Decreto 551/2019)

Genma Otero Uhía

2019/1718